

TOLAS DE ALEGRÍA

[Paolo Virzì, 2016]

211

ESTREA EN NUMAX: 17.03.2017 | v.o.s.e. | +16

La pazza gioia (2016, 111')

Dirección: Paolo Virzì

Guión: Francesca Archibugi, Paolo Virzì

Elenco: Valeria Bruni Tedeschi, Micaela Ramazzotti, Anna Galiena, Valentina Carnelutti, Elena Lietti, Tommaso Ragno, Bob Messini, Carlotta Brentan, Francesca Della Ragione, Roberto Rondelli

Son: Alessandro Bianchi

Vestuario: Catia Dottori

Montaxe: Cecilia Zanuso

Fotografía: Alessandro Bianchi

Produtora: Lotus Productions, Rai Cinema (Italia), Manny Films (Francia)

Distribuidora: Caramel

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Italiano

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

El capital humano, 2013

Todo el santo, 2012

La prima cosa bella, 2010

Tutta la vita davanti, 2008

Napoleón y yo, 2006

Caterina se va a Roma, 2003

My Name is Tanino, 2002

SINOPSE

Beatrice (Valeria Bruni Tedeschi) é unha condesa falangueira e millonaria que está convencida de encontrarse entre os círculos íntimos dos líderes políticos mundiais. Pola súa banda Donatella (Micaella Ramazzotti) é unha moza vulnerábel e introvertida, envolta no seu propio halo de misterio. Ambas son pacientes de Villabiondi, unha delirante institución psiquiátrica.

«Paolo Virzì fia un conmovedor e hilarante estudo sociolóxico sobre institucións mentais, clases sociais e enredos familiares»

Janire Zurbano, CINEMANÍA

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Quincena dos Realizadores), Valladolid 2016 (mellor filme, actriz e premio do público), Varsovia 2016 (premio do público), Premios do Cinema Europeo 2016 (nomeada á mellor actriz —Valeria Bruni Tedeschi—)



TOLAS DE ALEGRÍA

[Paolo Virzi, 2016]

“Quería facer unha comedia divertida e humana”

Entrevista a Paolo Virzi

Por Fabrizio Corallo

Logo de facer *El capital humano* (2013), un thriller negro de tonalidades frías e sarcásticas, podemos dicir que con este novo filme volves á comedia de tons máis cálidos?

Tiñamos entre mans unha ducia de páxinas dunha historia cuxas protagonistas son dúas pacientes psiquiátricas con personalidades opostas que, por casualidade, foxen xuntas da clínica onde están. No mundo exterior, o rexeitamento a pregarse ás medidas de seguridade e ás limitacións do tratamento convértese nunha serie de andanzas eufóricas e interminábeis.

Daquela, podemos dicir que se trata dunha comedia de aventuras? Eu quería facer unha comedia divertida e humana, unha historia que, nalgúns momentos, remata parecéndose a un conto ou a unha viaxe abertamente psicodélica, mais con sentido. Tamén queríamos falar da inxustiza, a opresión, o martirio das mulleres estigmatizadas, fráxiles, desprezadas, condeadas e pechadas. Mais sen convertelo nun panfleto. Buscábamos anacos de felicidade, ou cando menos de euforia, a pesar do confinamento.

Cóntanos algo de Vila Biondi... Este establecemento existe na realidade?

Cando buscábamos localizacións, visitamos lugares onde se trataba aos pacientes de forma expeditiva: sedábanos, atábanos con correas ou esquecíanse deles directamente. Mais tamén atopamos sitios marabillosos cheos de enerxía, onde se puñan en práctica proxectos de reinserción, que van alén da vixilancia e onde a vida é levadeira. Sobre todo coñecemos a moitos médicos, psiquiatras, psicoterapeutas, persoal de enfermaría, voluntarios competentes e apaixonados. Creamos a Vila Biondi inspirándonos nos elementos observados nos outeiros de Pistoia, nos viveiros onde traballan persoas que veñen dun centro coma este.

Pensaches desde o comezo en Valeria Bruni-Tedeschi e Micaela Ramazzotti como protagonistas?

Nunca tería realizado *Tolas de alegría* sen Valeria e Micaela. A inspiración primeira naceu dunha situación que observei de lonxe mentres camiñaban pola herba, a lama e a neve. Estabamos a rodar *El capital humano* e Micaela viñera de visita o día do meu aniversario. Eu estaba a rodar a última toma antes do receso para xantar. E vin, xusto onde están as caravanas dos actores e da produción, a Valeria levando a Micaela ao posto de catering. Valeria levaba un vestido dourado e elegante e tacóns, mentres que Micaela a seguía con dificultade, cunha mestura de confianza e desconcerto. O terreo estaba enlameado pola neve derretida e, de súpeto, Valeria tendeu a man a Micaela para axudala. Foi nese intre cando tiven unha repentina necesidade de dirixir a cámara cara a esas dúas mozas tan misteriosas, belas, divertidas e pode que algo tolas.

Dúas protagonistas femininas, unha clínica que admite só a mulleres...

Por iso quixeches escribir a historia cunha coguionista? Sempre estiven moi interesado nos personaxes femininos, como lector e como espectador. De Madame Bovary a Anna Karenina, existe unha literatura que se inspira no espírito feminino. Tamén penso en Carlo Cassola e no cinema de Pietrangeli, Scola, Woody Allen... Aínda que teño que recoñecer que contar con Francesca foi moi útil. É algo que queríamos facer hai moito tempo e en certo sentido xa o fixeramos de forma non oficial cando fomos alumnos de Furio Scarpelli no Centro Sperimentale. En 1987, Francesca xa rodara o seu primeiro filme, cando eu todavía estaba na escola. Acostumámonos a intercambiar guións, analízalos e seguimos a facelo. Mais nunca escribimos un filme xuntos e este proxecto parecía perfecto. Compartimos moitas paixóns políticas, narrativas e psiquiátricas. Tivemos experiencias con amigos e parentes algo tolos e pode que ambos atraíamos a tolos, psicóticos e trastornados de todo tipo.

Daquela podemos dicir que *Tolas de alegría* é un filme terapéutico? Todos os filmes son unha terapia. Axudan aínda que non me atrevo a dicir que curan. Mais serven para soportar mellor as cousas da vida, sobre todo se sacan á luz a comedia que se agocha tras o drama e a traxedia.

Publicado en <http://www.caramelfilms.es/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME